

Novidade: «Tempos de bebidas isotónicas e fast-food», de Álex Alonso, Premio de Narrativa Curta Ánxel Fole. 30 relatos breves cheos de humor



Tempos de bebidas isotónicas e fast-food, de [Álex Alonso](#), é unha novidade de Narrativa de Xerais.

XVII Premio de Narrativa Curta Ánxel Fole

Tempos de bebidas isotónicas e fast-food está constituído por trinta relatos breves que deitan unha ollada, unhas veces de gran angular, outras de teleobxectivo, sobre as contradicións e o devalo da sociedade galega do noso tempo. A utilización preferente da primeira persoa como voz narradora testemuñal, axustada en cada relato ao rexistro do personaxe, confírelle rotundidade e credibilidade a cada unha destas historias mínimas. Un humor marabilloso, sutilmente retranqueiro, e un coidado rexistro lingüístico coloquial, impregnado cos aromas dos viguismos e das variantes da fala popular das Rías Baixas, tiran dunha lectura tan engaiolante como acedamente divertida para configurar un libro que berra, que protesta, que denuncia. Dende o memorable relato « O curso de novas tecnoloxías », que abre o libro a gargalladas, pasando pola versión bífida de « By Glory Lake » ou polo emotivo « Non me chames terrorista », até o estremecedor « Vitrasa », Álex Alonso debulla algunhas das causas e prexuízos da desigualdade e da precariedade da Galicia actual.